



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola quenda de acceso libre.

Categoría: Iluminador/a

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- Segundo o establecido no artigo 18 da Constitución Española sinale cal das seguintes respostas é a correcta:

- a) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución administrativa, salvo en caso de flagrante delito.
- b) O domicilio é vulnerable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito.
- c) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito.
- d) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, sen que poidan existir excepcións.

2.- Segundo o establecido no artigo 20 da Constitución Española sinale cal das seguintes respostas é a incorrecta:

- a) Recoñécese o dereito á liberdade de cátedra.
- b) Recoñécese o dereito á produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
- c) Pode acordarse o secuestro de publicacións en virtude de resolución xudicial.
- d) O exercicio dos dereitos que recollen no artigo poden restrinxirse mediante censura previa se están afectados os dereitos de menores.

3.- Segundo o establecido no artigo 29 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia sinale cal das seguintes é unha competencia da que unicamente lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do estado:

- a) Propiedade industrial e intelectual.
- b) Portos Pesqueiros.
- c) Establecementos farmacéuticos.
- d) Artesanía.

4.- Segundo o establecido no artigo 32 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia sinale mediante que norma se constituirá un Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega:

- a) Regulamento.
- b) Lei Orgánica.
- c) Lei do Parlamento.
- d) Real Decreto Lexislativo.

5.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, o exercicio do control efectivo sobre a selección dos programas e sobre a súa organización, xa sexa nun horario de programación ou nun catálogo de programas denomínase:

- a) Decisión editorial.
- b) Política editorial.
- c) Responsabilidade social.
- d) Responsabilidade editorial.

6.- Segundo o establecido no artigo 5 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, en relación co pluralismo sinale a resposta correcta:

- a) Promoverase a pluralidade da comunicación audiovisual a través do fomento da existencia dun conxunto de medios unicamente de titularidade pública.
- b) Promoverase a pluralidade da comunicación audiovisual a través do fomento da existencia dun conxunto de medios, tanto públicos como de titularidade privada e comunitarios.
- c) Promoverase a pluralidade da comunicación audiovisual a través do fomento da existencia dun conxunto de medios unicamente de titularidade privada.
- d) Promoverase a pluralidade da comunicación audiovisual a través do fomento da existencia dun conxunto de medios, tanto públicos como de titularidade privada, exceptuando os comunitarios.

7.- Segundo o establecido no artigo 19 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital os estatutos sociais da Corporación SAG e as súas modificacións:

- a) Serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Serán aprobados pola Consellería da Presidencia.
- c) Serán aprobados polo Consello de Administración.
- d) Serán aprobados pola Xunta Xeral da sociedade.

8.- Segundo o establecido no artigo 27 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital a duración do mandato dos membros do Consello de Administración é de:

- a) Tres anos dende o seu nomeamento.
- b) Catro anos dende o seu nomeamento.
- c) Cinco anos dende o seu nomeamento.
- d) Seis anos dende o seu nomeamento.

9.- Segundo o artigo 1.3 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, exclúese do ámbito regulado por esta lei:

- a) O traballo que se efectúe en desenvolvemento de relacións de amizade, benevolencia ou boa veciñanza.
- b) O traballo que preste a tempo parcial.
- c) Toda actividade realizada fóra do domicilio oficial ou principal da empresa.
- d) Calquera servizo que se retribúa en diñeiro en efectivo.

10.- Segundo o artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, con respecto das exclusións, reservas e preferencias para ser contratado libremente:

- a) Poderán establecerse por norma regulamentaria.
- b) Poderán establecerse por Real Decreto.
- c) Poderán establecerse por norma convencional.
- d) Poderán establecerse por lei.

11.- Segundo o artigo 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, esa lei non será de aplicación naquelas actividades cuxas particularidades o impidan no ámbito das funcións públicas de:

- a) Atención as persoas en situación de dependencia.
- b) Forzas Armadas.
- c) Educación.
- d) Sanidade.

12.- Segundo o artigo 14.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo:

- a) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores, salvo que unha lei estableza o contrario.
- b) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores, salvo que un real decreto estableza o contrario.
- c) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores, salvo que o convenio colectivo estableza o contrario.
- d) Non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores.

13.- Segundo o establecido no artigo 11 do Convenio Colectivo da Corporación SAG, a Comisión Paritaria compoñerana:

- a) 10 membros.
- b) 12 membros.
- c) 15 membros.
- d) O número de membros dependerá da cantidade de persoas traballadoras.

14.- Segundo o establecido no artigo 41 do Convenio Colectivo da Corporación cal é a duración do permiso por matrimonio:

- a) 10 días.
- b) 12 días.
- c) 15 días.
- d) 20 días.

15.- Segundo o establecido no artigo 78 do Convenio Colectivo da Corporación, cal das seguintes continxencias NON abrangue o seguro complementario:

- a) Falecemento.
- b) Incapacidade temporal.
- c) Falecemento por accidente.
- d) Incapacidade permanente absoluta para calquera traballo.

16.- Segundo o establecido no artigo 85 do Convenio Colectivo da Corporación, cal dos seguintes é un obxectivo da formación:

- a) A actualización dos coñecementos profesionais.
- b) O perfeccionamento do dominio oral e escrito do idioma galego.
- c) A seguridade e saúde laboral.
- d) Todos son obxectivos da formación.

17.- Segundo o establecido no artigo 91 do Convenio Colectivo da Corporación, que tipo de falta é a repercusión negativa no traballo como consecuencia da embriaguez habitual ou toxicomanía:

- a) Moi Grave.
- b) Grave.
- c) Leve.
- d) Non é unha conduta sancionable.

18.- Segundo o artigo 7 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia:

- a) Constitúe discriminación prohibida pola presente lei o trato desfavorable aos homes por razón da súa paternidade.
- b) Non constitúe discriminación prohibida pola presente lei o trato desfavorable aos homes por razón da súa paternidade.
- c) Constitúe discriminación indirecta por razón de sexo todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade.
- d) Constitúe discriminación indirecta por razón de sexo todo trato favorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade.

19.- Segundo o artigo 8 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o trato menos favorable dado a unha persoa, sexa home ou muller, por razón de solicitar, estar a desfrutar ou ter desfrutado dos seus dereitos de conciliación da vida privada, familiar e laboral:

- a) Constitúe discriminación prohibida pola Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- b) Constitúe una situación de acoso sexual.
- c) Constitúe una situación de acoso por razón de xénero.
- d) Constitúe una situación de acoso familiar.

20.- Segundo o artigo 10 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a prohibición da discriminación por razón de sexo inclúe a discriminación sexista por erro, entendida como:

- a) Aquela que se funda, por parte do suxeito discriminado, nunha apreciación incorrecta do embarazo, a maternidade, as obrigacións familiares ou o estado civil da persoa vítima.
- b) Aquela que se funda, por parte do suxeito discriminador, nunha apreciación incorrecta do embarazo, a maternidade, as obrigacións familiares ou o estado civil da persoa vítima.
- c) Aquela que se funda, por parte do suxeito discriminador, nunha apreciación correcta do embarazo, a maternidade, as obrigacións familiares ou o estado civil da persoa vítima.
- d) Aquela que se funda, por parte dos poderes públicos, nunha apreciación correcta do embarazo, a maternidade, as obrigacións familiares ou o estado civil da persoa vítima.

21.- Segundo o artigo 57 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, quen promoverá a adopción, por parte dos medios de comunicación privados, de acordos de autorregulación que contribúan ao cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre mulleres e homes, incluídas as actividades de venda e publicidade que se desenvolvan neles:

- a) Os poderes públicos.
- b) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- d) O sector público autonómico.

22.- Que compoñente electromecánico dun cadro eléctrico de plató protexe o equipamento de iluminación e as liñas contra sobrecargas prolongadas e cortocircuitos?

- a) O interruptor diferencial (ID).
- b) O interruptor magnetotérmico (PIA).
- c) O interruptor de control de potencia (ICP).
- d) O transformador de illamento galvánico.

23.- Se ao conectar un proxector HMI de gran consumo, a protección diferencial do cadro salta de forma instantánea sen que exista un cortocircuíto, que tipo de anomalía está a detectar este automatismo?

- a) Un desequilibrio crítico nas correntes de fase.
- b) Unha caída de tensión por debaixo do 5%.
- c) Unha corrente de fuga a terra superior á sensibilidade do dispositivo.
- d) Unha inversión no xiro de fases do sistema trifásico.

24.- En instalacións temporais de espectáculos segundo práctica habitual en baixa tensión (REBT e uso escénico), que sección de cobre é máis común en liñas con conectores CEE de 32 A?

- a) 2,5 mm²
- b) 4 mm²
- c) 6 mm²
- d) 16 mm²

25.- Por motivos de seguridade en conexións trifásicas de baixa tensión en instalacións temporais de plató, que condutor debe asegurarse como primeiro elemento de protección funcional durante o proceso de conexión?

- a) O condutor Neutro.
- b) O condutor de Protección ou Terra (PE).
- c) A fase activa de maior consumo (R/L1).
- d) Calquera das fases indistintamente mediante o conector Powerlock.

26.- Segundo o REBT, que esquema de posta a terra é o máis habitual nas instalacións de baixa tensión dos edificios en España, incluídos os estudos de televisión?

- a) IT
- b) TN-C
- c) TT
- d) BT-Z

27.- Que tipo de protección diferencial se emprega habitualmente nun cadro xeral de plató para garantir a selectividade respecto dos diferenciais situados nos cuadros secundarios?

- a) Diferencial instantáneo de alta sensibilidade.
- b) Diferencial selectivo temporizado (tipo S).
- c) Fusible rápido gF.
- d) Protector de sobretensións permanente.

28.- Que luminaria escollerías para simular luz natural en interiores?

- a) Un fresnel de tungsteno sen corrección para manter unha dominante cálida no espazo.
- b) Un PAR de feixe (*haz*) estreito para xerar un punto de luz concentrado nos planos pechados.
- c) Un recorte con gobo para proxectar patróns que simulan a luz ambiente.
- d) Un panel LED bicolor axustado a 5.600K para imitar a temperatura de cor da luz día.

29.- Nun set con mestura de tungsteno e LED, unha cámara mostra unha dominante verde nun ángulo concreto. Que equipos serán os encargados de corrixir esta eventualidade?

- a) Os equipos de cámaras e dirección artística serán os que revisarán os materiais do set que poidan estar contaminando o ángulo.
- b) Os equipos de iluminación e escenografía serán os que comprobarán se algún panel ou superficie está modificando a mestura das fontes.
- c) Serán os equipos de cámara e iluminación os que volverán axustar o balance de brancos, a corrección verde-maxenta e a relación entre as temperaturas de cor presentes no set.
- d) Serán os equipos de realización e cámaras os que revisarán se o ángulo problemático depende do percorrido ou da óptica utilizada.

30.- En cal dos seguintes casos estariamos iluminados por unha lámpada halóxena?

- a) 6000K
- b) 1200K
- c) 3200K
- d) 5600K

31.- Cal é a principal particularidade dos fresnel?

- a) A súa lente.
- b) O seu tamaño.
- c) A súa lámpada.
- d) A súa eficiencia.

32.- Na nomenclatura estándar dos filtros ND empregados en cinema e televisión, que efecto ten aumentar a densidade óptica en 0,3 unidades (por exemplo, pasar dun ND 0.3 a un ND 0.6)?

- a) Reducir o fluxo luminoso nun 30%.
- b) Reducir a exposición en 1 paso de luz.
- c) Modificar a temperatura de cor 300K.
- d) Superpoñer varios filtros para provocar un corte no paso de luz á metade.

33.- Que fai nominalmente un filtro Full Blue (ou CTB Full Blue)?

- a) Rebaixa a temperatura de cor de 5.500K a 3.200K.
- b) Rebaixa a temperatura de cor de 5.500K a 3.400K.
- c) Eleva a temperatura de cor de 3.200K a 5.500K.
- d) É un filtro estético que tingue o feixe de luz (*haz de luz*) de cor azul saturada.

34.- Que parámetro ou índice específico dentro da distribución espectral dunha luminaria LED mide de forma estrita a fidelidade na reprodución do vermello saturado, evitando que as peles se vexan verdosas en cámara?

- a) O índice de luminancia total (Y).
- b) O índice de crominancia (Cr).
- c) O índice de reprodución cromática específico (R9).
- d) O índice de reprodución cromática xeral (IRC).

35.- Se duplicamos a distancia entre un proxector e unha parede, segundo a lei inversa do cadrado, a iluminancia:

- a) Redúcese á metade.
- b) Redúcese á cuarta parte.
- c) Mantense constante.
- d) Redúcese a oitava parte.

36.- Un proxector de recorte situado a 2 metros dunha parede branca xera unha iluminación de 1.600 lux. Se alonxamos o foco ata unha distancia de 4 metros, que iluminación recibiremos na parede?

- a) 800 lux
- b) 400 lux
- c) 800 lm
- d) 3200 lux

37.- Un Fresnel de 650W da 900lux a 3m. A 6m con difusor (-30%), que iluminancia obtés?

- a) 225 lux
- b) 157,5 lux
- c) 300 lux
- d) 450 lux

38.- Un panel da 800 lux a 1m. Que distancia precisas para obter 50 lux?

- a) 2m, aplicando unha redución lineal baseada na distancia.
- b) 3m, considerando unha caída moderada por dispersión do feixe (*haz*).
- c) 4,0-4,1m, aplicando a relación cuadrática entre iluminancia e distancia.
- d) 5m, estimando unha perda maior por apertura do panel.

39.- A unidade de medida da intensidade luminosa é:

- a) A candela.
- b) O lux.
- c) O watio.
- d) O lumen.

40.- Durante o control de calidade de iluminación nun plató, o equipo técnico mide cun luxómetro a luz procedente dun proxector puntual. Colocando o luxómetro a unha distancia exacta de 2 metros en liña recta desde o foco, o aparello indica unha iluminancia de 100 lux. Cal é a intensidade luminosa que está emitindo ese proxector nesa dirección concreta?

- a) 400 lux
- b) 50 lm
- c) 200 cd
- d) 400 cd

41.- Que magnitude fotométrica cuantifica a cantidade de luz que rebota nun decorado ou que emite directamente unha pantalla LED cara ao sensor da cámara?

- a) A iluminancia.
- b) O fluxo luminoso.
- c) A luminancia.
- d) A reflectancia.

42.- Cal é a principal funcionalidade dun Dimmer?

- a) Controlar de 0-100% o fluxo luminoso emitido por unha lámpada.
- b) Protocolo que permite archivar esquemas luminosos.
- c) Servir de liña de enlace entre unha mesa de iluminación coa súa correspondente clave de conexión do taboleiro de conexión central.
- d) Protocolo de comunicación entre consolas e potenciadores.

43.- Que tipo de proxector é un PC?

- a) Un proxector con reflector parabólico concentrador do feixe (*haz*).
- b) Un proxector con lente planoconvexa.
- c) Un proxector cun espello planocóncavo.
- d) Un proxector de cuarzo.

44.- Durante o deseño de iluminación dunha gala en directo, o realizador pide que un dos proxectores robóticos emita un feixe de luz (*haz de luz*) extremadamente denso, direccional e cun ángulo de apertura ultra pechado para cruzar o escenario cun efecto aéreo moi marcado. Ademais, o operador de consola require que esa mesma máquina poida facer transicións de cor limpas mediante un sistema de mestura de tricromía CMY interna. Que tipo de luminaria robótica podería reunir estas especificacións?

- a) Un proxector robótico tipo Spot con lámpada de descarga.
- b) Un proxector robótico tipo Wash cun sistema de lentes Fresnel.
- c) Un proxector robótico tipo Spot con rodas de gobos e mestura CMY.
- d) Un proxector robótico híbrido configurado en modo Beam.

45.- Que función técnica e electrónica primordial realiza o balastro externo que acompaña obrigatoriamente a un proxector de descarga tipo HMI no plató?

- a) Converter a luz continua do proxector nun feixe de luz (*haz de luz*) estroboscópica regulable.
- b) Proporcionar o pico de alta voltaxe para o acendido polo arco voltaico e limitar despois a corrente circulante.
- c) Evitar o *clipping*.
- d) Filtrar a radiación ultravioleta propia da lámpada.

46.- Que accesorio de control da calidade da luz se utiliza para suavizar a dureza do feixe (*haz*) dun Fresnel sen modificar o seu ángulo de apertura?

- a) Unha rella ou panal de abella (*honeycomb*).
- b) Unha xelatina difusora tipo *Frost* ou *Spun*.
- c) Un corrector de lente.
- d) Un filtro de Densidade Neutra (ND).

47.- Que técnica de control electrónico empregan habitualmente os sistemas profesionais de iluminación LED para regular a intensidade luminosa sen modificar a temperatura de cor e minimizando o flicker en cámara?

- a) Modulación por amplitude de pulso (PAM).
- b) Regulación por corte de fase (*Phase-cut*).
- c) Modulación por ancho de pulsos (PWM).
- d) Atenuación por reóstato lineal.

48.- Que elemento de unión roscado, con forma de "U" e pechado por un pasador, é o estándar homologado para conectar de forma segura unha eslinga de aceiro a un punto de ancoraxe ou a un truss?

- a) Un mosquetón de seguridade con peche de rosca.
- b) Un grillete lira ou recto homologado.
- c) Un tensor de dobre gancho de aluminio.
- d) Un garfo de suspensión rápida.

49.- De acordo coas normativas de seguridade e prevención de riscos no plató, que elemento accesorio de retención mecánica e independente debe colocarse obrigatoriamente en calquera proxector colgado no grid para evitar a súa caída en caso de fallo da garra principal?

- a) Cable de seguridade de aceiro (safety bond).
- b) Un polipasto de cadea manual.
- c) Unha cincha de amarre con trinquete téxtil.
- d) Un mosquetón de escalada de aluminio.

50.- Como se denomina o compoñente electromecánico extensible que permite elevar ou baixar unha luminaria de forma vertical no plató mantendo a estabilidade e evitando o balanceo grazas á súa estrutura de tesoiras articuladas?

- a) Barra telescópica motorizada.
- b) Pantógrafo.
- c) Polipasto de palanca.
- d) Pescante articulado.

51.- Ao deseñar unha estrutura efémera con trusses de aluminio para un evento ou set exterior, que tipo de configuración xeométrica de truss ofrece a maior resistencia estrutural á flexión e á torsión para soportar proxectores de gran tonelaxe?

- a) *Truss* plano ou bical (de dous tubos).
- b) *Truss* triangular (de tres tubos).
- c) *Truss* cadrado ou rectangular (de catro tubos).
- d) *Truss* de tubo único ou barra de carga.

52.- Durante o proceso de montaxe de dous trusses suspensos para un programa de televisión en directo, o equipo de rigging avisa de que non quedan cables de aceiro dispoñibles. Para abrazar a estrutura de aluminio de forma segura e elevala co motor sen provocar rozaduras nin danos mecánicos no metal, que elemento téxtil de elevación flexible debe utilizar o/a técnico/a?

- a) Unha corda de cáñamo de guía de alta resistencia.
- b) Unha eslinga téxtil redonda ou de sinfín (*spanset*).
- c) Unha cincha téxtil de amarre con fibela de presión.
- d) Un cable de toma de terra con illamento de PVC.

53.- Que tipo de motor eléctrico se utiliza nos focos robotizados (moving heads) para garantir movementos de Pan e Tilt milimétricos, precisos e repetibles sen necesidade de "escobillas" nin sistemas complexos de embrague?

- a) Motor de inducción asíncrono trifásico.
- b) Motor paso a paso (*stepper motor*).
- c) Motor de corrente continua con "escobillas".
- d) Servomotor hidráulico de alta presión.

54.- Para que se emprega un *cue* nun espectáculo televisivo?

- a) Para almacenar un estado concreto da iluminación que pode activarse nun momento preciso do programa.
- b) Para igualar a intensidade de tódolos focos antes de iniciar a realización multicámara do evento.
- c) Para xerar unha transición automática entre diferentes fontes de luz.
- d) Para bloquear a intensidade dos focos e evitar variacións de tensión.

55.- Nun plató de televisión estase a deseñar a instalación lumínica para un novo programa. O deseño esixe montar 18 proxectores robóticos que van configurados nun modo avanzado de 32 canles DMX cada un. Se non se vai colocar ningún outro aparello no set, cantos universos DMX físicos completos como mínimo se precisan asignar na mesa de control para poder parchear toda a instalación?

- a) 1 universo.
- b) 2 universos.
- c) 3 universos.
- d) 4 universos.

56.- Que protocolo de comunicación dixital industrial bidireccional, estendido sobre as redes DMX512, permite aos sistemas de control remoto interrogar aos proxectores robotizados para coñecer o seu estado, temperatura, dirección inicial e posibles fallos de motores dende a mesa?

- a) Art-Net 4.
- b) RDM (Remote Device Management).
- c) sACN (Streaming ACN).
- d) MIDI Show Control.

57.- Que compoñente físico pasivo e cun valor de resistencia de 120Ω se debe colocar de forma obrigatoria no último proxector dunha liña DMX512 conectada en serie (*daisy chain*)?

- a) Un repetidor activo de sinal DMX sen terminación de liña.
- b) Unha resistencia terminadora de liña para evitar o rebote do sinal.
- c) Un splitter amplificador con illamento de fase.
- d) Un nodo de conversión IP65.

58.- Ao distribuír o sinal de iluminación a través do protocolo Art-Net en redes Ethernet, como se denomina o dispositivo físico de rede encargado de recibir o cable de rede RJ45 (IP) e convertelo en saídas físicas DMX de 5 pins para os focos?

- a) Switch xestionable de capa 3.
- b) Nodo Art-Net a DMX (Ethernet Gateway).
- c) Router inalámbrico de dobre banda.
- d) Transmisor CRMX de alta densidade.

59.- Se estamos a utilizar un sistema de control inalámbrico Wireless DMX avanzado nun estudio con moito tráfico de redes Wi-Fi, que técnica utiliza este sistema para evitar interferencias e perdas de sinal?

- a) Salto de frecuencia adaptativo en tempo real (Cognitive Coexistence / FHSS).
- b) Uso de retransmisión por latencia fixa sen sincronización de salto de frecuencia.
- c) Modulación por corte de fase de rede analóxica.
- d) Encriptación de datos simétrica por fibra óptica.

60.- Na coordinación técnica dunha produción televisiva, que protocolo se emprega para integrar a iluminación co vídeo de pantallas LED permitindo a correspondencia de cores en tempo real?

- a) Protocolo CIP (Component Information Transfer Protocol).
- b) Conexión analóxica por compoñentes (YPbPr).
- c) Protocolo RDM de xestión remota.
- d) Distribución de código de barras SMPTE.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR A PARTIR DA CASILLA Nº 141 DO CUESTIONARIO

R1.- Segundo o establecido no artigo 113 do Convenio Colectivo da Corporación SAG a quen lle corresponde velar polo cumprimento das normas vixentes en materia laboral, Seguridade Social e Seguridade e saúde laboral:

- a) Comité de Seguridade e Saúde Laboral.
- b) Comité de Empresa.
- c) Comité Intercentros.
- d) Consello de Administración.

R2.- O método de traballo dos iluminadores na televisión contemporánea incorporou de xeito masivo os paneis LED RGBWW. Que vantaxe operativa estrita proporcionan estes equipos no control da cor en comparación coas lámpadas de wolframio tradicionais?

- a) Modificar o ton e a saturación desde a mesa de control sen usar xelatinas.
- b) Incrementar a profundidade de campo modificando a lonxitude focal do obxectivo.
- c) Eliminar por completo o ruído de cuantificación na curva logarítmica de captura.
- d) Sincronizar de xeito mecánico o ángulo de obturación rotativo co feixe (*haz*) emitido.

R3.- Ao planificar a iluminación dun estudio de televisión para gravacións en alta velocidade, o enxeñeiro analiza o espectro das lámpadas mediante un espectrómetro para evitar o efecto de parpadeo. Que compoñente físico da emisión de luz debe comprobarse ademais da distribución espectral?

- a) Debe comprobarse a estabilidade angular das curvas polares de emisión.
- b) Debe comprobarse a constancia da temperatura de cor correlacionada medida.
- c) Debe comprobarse a oscilación temporal do fluxo luminoso inducida por corrente.
- d) Debe comprobarse a variación espacial da iluminancia nos bordos.

R4.- Ao usar un termocolorímetro para equilibrar dúas fontes de luz diferentes (unha de tungsteno e outra de descarga), o instrumento indica a corrección necesaria en valores Mired. Por que se utiliza a escala Mired en lugar da escala de temperatura Kelvin directa para calcular os filtros de conversión?

- a) Porque as diferenzas en Mired correspóndense linealmente cos filtros.
- b) Porque as diferenzas en Mired eliminan o erro do coseno do instrumento.
- c) Porque as diferenzas en Mired permiten integrar o fluxo luminoso total emitido.
- d) Porque as diferenzas en Mired corríxen a reflectancia das superficies medidas.